

O Teatro Afundación reanuda a súa programación clásica con dous concertos dedicados aos maiores

I A Obra Social de ABANCA reservou invitacións para as asociacións AFAGA, Atendo e Grandes Amigos para compartir con este grupo de poboación, especialmente afectado pola pandemia, o regreso progresivo da actividade cultural

I A Real Filharmonía de Galicia actuará o vindeiro 19 de maio e a Orquestra Sinfónica de Galicia o 27 de maio

07.05.2021. O Teatro Afundación de Vigo comezará este mes a súa programación clásica con dous concertos da Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Co obxectivo de compartir este momento de progresivo regreso da programación cultural coa poboación sénior, un grupo especialmente afectado polo impacto da pandemia, a entidade convidou aos membros das asociacións AFAGA, Atendo e Grandes Amigos a gozar destes dous concertos, programados para os próximos 19 e 27 de maio. Así das 183 butacas dispoñibles no teatro, coas restricións de aforo actuais, a Obra Social de ABANCA reservou para este colectivo 30 invitacións para cada un dos concertos. Para o resto do público, as entradas están dispoñibles á venda desde hoxe en Ataquilla.com para a actuación da Real Filharmonía de Galicia do día 19, e a partir do 14 de maio habilitarase a venda para o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Ademais da redución de aforo para respectar a distancia de metro e medio entre cada unha das 994 butacas de que dispón, todos os espazos do Teatro Afundación foron adaptados para garantir unha experiencia segura. Deste xeito, redefiníronse os accesos, os fluxos de percorrido de entrada e saída, colocáronse toda a sinaléctica precisa, marcando as distancias de seguridade, carteis cos protocolos e puxéronse en marcha protocolos de limpeza, definindo os puntos críticos e determinando as frecuencias de desinfectado e ventilación de cada un dos espazos. Así mesmo revisáronse as entradas

aos espectáculos, as físicas e as virtuais, adaptándoas aos novos protocolos e se reconfiguraron os despachos de billetes e recepción para cumprir con todos os requisitos de seguridade sanitaria.

OS CONCERTOS

A Real Filharmonía de Galicia abrirá a programación clásica do Teatro Afundación de Vigo, que se desenvolve en colaboración coa Sociedade Filarmónica, o vindeiro **mércores 19 de maio** ás 20.00 h, baixo a batuta de Jaume Santonja, co concerto para piano número 5 en Fa maior de Camille Saint-Saëns e a Sinfonía número 9 en se menor de Louis Spohr. Ao piano estará a intérprete armenia Sofya Melikian.

A seguinte cita será o vindeiro xoves 27 de maio, tamén ás 20.00 h, nesta ocasión coa Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixida por David Grimal, que ofrecerá os concertos para violín número 1 en se bemol maior, número 2 en re maior e número 3 en sol maior de W.A Mozart.

Toda a información da actividade de Afundación, na nosa [SALA DE PRENSA](#).